

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 2 de decembro de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 22/16, do 23 de novembro.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, do 08/11/2016, recaída no PO 198/2015, interposto por dona Dolores Diz Bravo, sobre tributos.

3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento do auto do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 dos de Betanzos, do 01/06/2016, recaído nas dilixencias previas nº 166/2016, seguidas a instancia de don Gervasio Carballo Brasa, sobre embargo.

4.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 296/2016, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, interposto pola Federación de Empresarios do Barbanza, contra a Resolución nº 18611/2016, desestimatoria de recurso de reposición interposto contra a Resolución nº 9346, do 02/05/2016, pola que se acorda o reintegro total da subvención e as sancións definitivas.

5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 05/10/2016, recaída no recurso de apelación nº 524/2015, interposto por esta Deputación provincial contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos da Coruña, do 01/09/2015, recaída no recurso PO 186/2013, interposto por don Luís Jaime Rodríguez Fernández, sobre acordos en materia de persoal.

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

6.- Aprobación das bases específicas da convocatoria do Programa de subvencións de fomento da actividade gandeira a través das organizacións de produtores do sector lácteo da provincia da Coruña para actividades durante o ano 2016

ROGOS E PREGUNTAS